

TFE 2024

TAMARA SOUTO REY SAXOFÓN



XUNTA
DE GALICIA

CONSERVATORIO
SUPERIOR DE MÚSICA
DA CORUÑA

RECITAL: 12 de xuño ás 20:00 no Auditorio Andrés Gaos
EXPOSICIÓN E DEFENSA: 12 de xuño ás 18:00 na aula 2.00

PROGRAMA

Concertino da Camera for Alto Saxophone and Orchestra - Jacques Ibert

Introduction and Rondo Capriccioso for soprano sax - Camille Saint-Saens

Descanso

Sequenza VII - Luciano Berio

String Quartet No. 12 in F Major, Op. 96, B. 179 "American" (Arr. for Saxophone Quartet)

Tamara Souto Rey, saxofón

Estefanía Cereijo Omil, piano

Concertino da Camera for Alto Saxophone and Orchestra - Jacques Ibert

Concertino da Camera de Ibert foi publicado no ano 1935 e é un dos concertos de referencia dentro do repertorio clásico para saxofón alto. É frecuente que os saxofonistas interpreten esta obra cunha versión reducida para piano e saxofón, aínda que orixinalmente é unha obra para saxofón alto e once instrumentos. É posible que sexa a obra máis interpretada para saxofón e orquestra e practicamente todos os concertistas de saxofón a teñen no seu repertorio.

Harmónicamente, cabe subliñar o emprego de acordes de sétima e novena e sonoridades máis modernas creadas con terceiras e cuartas simultáneas ou quintas perfectas e quintas diminuídas simultáneas. Por outra banda, destaca o uso de técnicas de composición do século XVIII como a estrutura de forma sonata clásica.

No encabezado da primeira páxina da obra, J. Ibert especifica que a obra está dedicada a Sigurd Rascher, quen afirmou que o *Concertino da Camera* se utilizou en máis dunha ocasión como exemplo de composición perfecta para un instrumento solista.

Introduction and Rondo Capriccioso for soprano sax - Camille Saint-Saens

Introducción y rondó caprichoso (op. 28), é unha obra composta orixinalmente para para violín e orquestra, escrita en 1863 por Camille Saint-Saëns para o violinista Pablo de Sarasate. Dende a súa creación é unha das obras máis populares de Saint-Saëns, facéndose moitas transcricións para outros instrumentos. As máis coñecidas son a transcripción para violín e piano de Georges Bizet e a de dous pianos de Claude Debussy.

A obra consta de dúas partes contrastantes, unha breve introducción lenta e melancólica e un rondó animado con forma ABACA. Non obstante, aínda que é unha obra relativamente corta con 10 minutos de duración aproximadamente, ten moitas pasaxes que gozan dun gran virtuosismo e nas que o/a músico/a ten que demostrar a súa habilidade interpretativa. Deste xeito, a orquestra apoia os pasaxes virtuosísticos do/a solista con progresións de acordes en bloque enfatizando a rítmica do tema.

Sequenza VIIIb - Luciano Berio

A Sequenza VII foi composta en 1969 por Luciano Berio para oboe solo e é a séptima das súas catorce secuencias. En 1993, Claude Delangle adaptou a obra para saxofón soprano, nomeando a obra revisada como *Sequenza VIIIb*.

As secuencias son unha serie de obras para instrumentos a solo nas que se emprega ao límite extremo as técnicas do virtuosismo, sacando aos instrumentos da súa tradición “clásica” e extendendo as súas posibilidades técnicas e musicais. Deste xeito, Berio convértese no iniciador da secuencia, buscando a proxección armónica sobre unha línea que é a nota pedal e da que parte todo el material musical. A nota pedal da que parte é un do# e, ao longo da obra xoga coa modificación do timbre do instrumento, empregando por exemplo para o do# un total de 5 posicións. Así mesmo, destaca á escritura da obra, xa que en lugar de escribir por compases e cunha métrica, Berio fai unha división do tempo por segundos, coa finalidade de dar continuidade á música e deixarlle certa liberdade ao intérprete.

As raíces de Berio atópanse no serialismo, notándose polo emprego de abundante cromatismo, ritmos irregulares complexos ou saltos de gran distancia interválica. Así mesmo, cabe destacar que Berio compuxo unha serie de “chemins”, que son composicións nas que se pode observar as súas secuencias a solo con acompañamento de grupos de cámara.

String Quartet No. 12 in F Major, Op. 96, B. 179 "American" (Arr. for Saxophone Quartet) – A. Dvořák

O *Cuarteto de corda en Fa maior*, Op. 96, apodado *Cuarteto Americano*, é o duodécimo cuarteto de corda compuesto por Antonín Dvořák. Foi escrito en 1893, durante a súa estancia en Estados Unidos e é un dos cuartetos máis populares do repertorio de música de cámara. Con este cuarteto, Dvořák afirmou que econtrara o equilibrio entre a súa invención melódica desbordante e unha estrutura clara, conseguindo a simplicidade que buscaba inspirada nas composicións de Haydn.

O cuarteto consta de catro movementos e está composto para un conxunto de dous violins, viola e violonchelo, neste caso transcrito para cuarteto de saxofóns (saxofón soprano, alto, tenor e barítono).

Un elemento unificador característico de todo o cuarteto é a utilización da escala pentatónica. Esta escala proporciónalle a todo el cuarteto o seu carácter aberto e simple, un carácter que se identifica frecuentemente coa música folclórica estadounidense e as músicas étnicas afroamericanas. Cabe destacar que antes de tomar o apodo de “americano”, o cuarteto era referenciado con apodos como “negro”.

Tamara Souto Rey (A Coruña, 2000)

Comeza os seus estudos musicais no ano 2009, polas especialidades de gaita e acordeón, aínda que non será ata 2015 que realiza o acceso ao conservatorio pola especialidade de saxofón, baixo a tutela de Sergio Pérez Peiró. Remata o Grao Profesional no 2020 coa profesora Eva Aguiar e no mesmo ano accede ao Conservatorio Superior de Música da Coruña. Neste centro recibe clases dos profesores Pablo Coello, Narciso Pillo, Alejandro Troya e Adrián Pais.

Así mesmo, entre o 2018 e o 2022 compaxina estas ensinanzas musicais cos estudos universitarios do Grao en Educación Infantil na UDC.

Como complemento da súa ensinanza, nos últimos cursos asistiu a distintas masterclasses con profesorado de renome como Mariano García, Marie-Bernadette Charrier, Vicent David, Pedro Pablo Cámara, Xelo Giner Antich, Marcus Weiss, Xabier Casal ou Juan Luis Pérez Floristán. Ademais, participa en cursos de perfeccionamento do instrumento como o “XIX Encontro Galego do saxofón” (2023).

Ao longo da súa traxectoria, recibiu algúns premios: Premio Fin de Grao Profesional (2020, CMUS A Coruña); terceiro premio do VI Concurso de Música de Cámara do Conservatorio Superior de Música da Coruña (Trío Essenza, 2022); e primeiro premio do XIII Concurso de Interpretación Solista coa banda do Conservatorio Superior de Música da Coruña (Essenza Quartet, 2023).

Colabora con distintas agrupacións da xeografía galega como a Banda de Música do Cuartel Xeral da Forza Loxística Operativa e outras bandas populares como a Banda de Música de Teo, na que está federada.

Actualmente forma parte do cuarteto de saxofóns “Essenza Quartet” con quen ten o placer de realizar diversos concertos en lugares como a Real Academia de Bellas Artes e no Museo de Bellas Artes da Coruña, na facultade de Comunicación e Arte da Universidade de Aveiro, no Palacio de Capitanía ou no Sporting Club Casino da Coruña. Fóra do ámbito académico leva varios anos traballando na verbena galega e actualmente forma parte da orquestra Metrópolis.

AGRADECEMENTOS

En primeiro lugar, quero agradecer a profesores e profesoras que formaron parte da miña aprendizaxe e sen os que non conseguiría chegar ata aquí: Sergio, Narciso, Eva, Pablo, Alejandro e Adrián. Así mesmo, quero agradecerlle profundamente á pianista Estefanía, quen me acompañou neste ano tan difícil e se involucrou tanto connigo; moitas grazas polo teu traballo, por ser tan boa persoa e axudarme tanto.

Así mesmo, gustaríame agradecer o apoio por parte da familia e por parte de amigos que se convertiron pouco a pouco en parte desta. Síntome moi afortunada de compartir esta carreira cos meus compañeiros Esteban, Joel e María e de formar un proxecto tan bonito e enriquecedor como o Essenza Quartet, unha agrupación que me fixo crecer enormemente tanto a nivel musical como persoal. Ademais, sinto que esta etapa non sería o mesmo sen o apoio das Cheetah Girls, o meu grupo de amigos que atopei no superior e que sempre están aí tanto para celebrar éxitos como para escoitarme cando o preciso.

Por último e non menos importante quero agradecerlle á miña parella Jesús por estar sempre ao meu carón e impulsarme día a día a seguir crecendo persoal e musicalmente.